

# PREPARACIÓN PARA A ESCRITURA.

## HABILIDADES MANUAIS

Antes de comezar a entrenar o agarre do lapis e a escrita, é fundamental preparar o noso corpo, es as nosas mans... Unha habilidade tan complexa como a escritura depende de outras funcións que se comezan a desenvolver antes, como o control postural, a coordinación de ambos lados do corpo, o uso discriminado dos dedos, a pinza trípode e outras habilidades manipulativas.

En torno aos 3-4 anos unha crianza pode estar preparada para soste o lapis, mas sabemos que cada un de nós temos o noso ritmo. Por iso, é fundamental asegurarnos de construír unha base da aprendizaxe sólida, xa que comezar antes de tempo, ou sen as habilidades precisas, pode xerar sentimentos de frustración, enfado, desmotivación e incluso rexeitamento.

Xogos manipulativos de ensartar ou construír, con pinzas e outras ferramentas; plastilina; pintar en pizarra e outras superficies, con diferentes materiais desde pintura de dedos, témperas ou xiz... libros de pegatinas; amasar para preparar unhas galletas ou poñer as pinzas á roupa... Existen múltiples posibilidades que facilitan o desenvolvemento das habilidades previas a escritura que poden ser integradas nas rutinas diarias e de xogo, en casa e na aula.



Non olvidemos que os nenos e as nenas aprenden da exploración, en diferentes situacións durante todo o día, e a través do xogo.